



# Federación Galega de Caza

[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



**MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012**



# Memoria de Actividades 2012

## 1. FEDERADOS


A FGC pechaba o ano con 21.018 federados, practicamente os mesmos que o ano anterior, cun descenso casi inapreciable en números absolutos, mentres que en números relativos -a proporción entre licenzas de caza e federados- os termos invértense, pasando do 41,29% no ano 2011 ao 42,35 na actualidade.

### 1.1. AFILIACIÓN:

Na táboa seguinte pode observarse a produción do 2012 en función do tipo de documento, e mesmo da provincia:

	L.F. (P)	D.U (N)	D.U (Q)	D.U (S)	D.U (R)	Anexo Cans (AP)	TOTAL FEDERADOS	TOTAL ASEGURADOS
CORUÑA	1481	2935	1012	1529	29	74	6986	5579
LUGO	1634	560	1419	1852	2	158	5467	3991
OURENSE	478	691	331	645	5	40	2150	1712
PONTEVEDRA	496	2668	2111	1064	76	14	6415	5933
<b>TOTAL ....</b>	<b>4089</b>	<b>6854</b>	<b>4873</b>	<b>5090</b>	<b>112</b>	<b>286</b>	<b>21018</b>	<b>17215</b>


Nos últimos anos estase a notar unha incorporación ao mundo cinexético e federativo das donas, aínda que non nas proporcións nin nos números desexables, pero fai apenas dúas décadas era case impensable que as mulleres foran copando este terreo. Hoxe por hoxe temos un colectivo feminino, aínda que non desde o punto de vista cuantitativo si dende o cualitativo, moi significativo, ocupando postos do podio das competicións autonómicas e nacionais das diferentes disciplinas deportivas (San Huberto, Arco, Percorridos, Cetraría, e Paxariles, principalmente) e ademais un número importante delas practican a caza maior e a caza menor.






### 1.1.2 Federados e asegurados por provincias:

Ao analiza-la produción por provincias, apréciase que A Coruña mantense como primeira en número de federados, cun 33% respecto do total, seguida moi de preto por Pontevedra cun 31%; sen embargo se nos referimos aos afiliados con seguro de responsabilidade civil do cazador invértense os datos pasando Pontevedra a ocupa-lo primeiro lugar cun 35% seguida de A Coruña cun 32%.



Por tipo de seguro, o documento único “N” segue a se-lo máis demandado, pero nos derradeiros dous anos apréciase unha transformación deste tipo de documentos en “S” en practicamente tódalas provincias agás en Pontevedra, onde destaca unha importante fidelización dos seguros “Q”. Advírtese tamén un lixeiro aumento do D.U. “R”, seguro que se utiliza entre os cazadores que practican a caza sen armas (caza con cans, ou con aves de cetraría).


A Coruña e Lugo tamén contan cun importante número de federados “P” (afiliados que non dispoñen de seguro de R.C. con Mutuasport) debido principalmente á gran demanda de licenzas de uso de emisoras de radiofrecuencia en ámbalas-dúas provincias, o que significa que durante os próximos anos deberase de traballar para seguir transformando os federados en asegurados, e tratar de substituír paulatinamente o documento “N”. A pesares de que a FGC pasa por ser unha das federacións a nivel nacional con maior *ratio* de federados en relación a asegurados de RC con Mutuasport (un 82%, cando a media estatal está aproximadamente no 50%) non se debe decaer na transformación de documentos “P” en “N”, “Q” ou “S”, un dos campos de batalla, xunto coa captación de novos federados, do recentemente creado departamento de Afiliación e Fidelización.





### 1.1.3 Evolución de federados:


A gráfica da evolución de federados ao longo do último quinquenio apenas reflicte oscilacións; como se pode observar presenta unha pendente practicamente plana, outra cousa sería a comparativa co número de licenzas de caza, como se verá máis adiante no punto 1.3 desta memoria, cunha pendente cara a baixo e máis pronunciada, o que explica que a porcentaxe -como xa se indicou na introdución deste apartado 1- segue a medrar sen seren capaz de enxaugar ao 100% a perda de federados en números absolutos.



Coa implicación de todos, federación, sociedades, dirixentes cinexéticos e cazadores, de seguro que nun período máis curto que longo acadarase o 50% dos cazadores galegos federados, o que sen dúbida repercutirá nun colectivo máis unido e, por ende, máis forte, fortaleza que fará falta para afrontar os retos que se aveciñan (véxase, por exemplo, lei de caza) ou que nun futuro poidan xurdir.

Para a captación de novos federados a FGC ven de por en marcha unha serie de estratexias encamiñadas a favorecer e beneficiar aos afiliados respecto doutros que non o son, entre as que cabe especial mención o Clube de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados e o Departamento de Afiliación e Fidelización que explicaremos no apartado 1.5 seguinte.

### 1.1.4 Coberturas aseguradas:





## 1.2. SINISTRABILIDADE:


O cazador, polo mero feito de estar federado dispón dun seguro de accidentes propios durante a práctica cinexética ou actividades relacionadas (competicións deportivas, adestramento, etc), pero se conta co documento único ten a maiores o seguro obrigatorio e voluntario de responsabilidade civil do cazador.

Nos accidentes de danos propios, os danos en extremidades foron os máis frecuentes (esguices, mancaduras ou roturas) mentres que en responsabilidade civil os danos materiais e os danos a animais ou cousas serían os máis repetidos.

	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL
	DP	RC	DP	RC	DP	RC	DP	RC	
Falecidos accidentes caza			1					1	2
Falecidos causas naturais									0
Falecido in itinere			1		1				2
Invalidez	0	1							1
Extremidades	6	3	4	2	2	2	14	1	34
Cara/cabeza/cráneo	1	1							2
Ollos	5			1			2		8
Feridas múltiples		1							1
Outras	1	1	1				3		6
Escopeta	1		1						2
Cans		4		1		1		5	11
Danos materiais, animais ou cousas		20		5		8		11	44
<b>TOTAL .....</b>	<b>14</b>	<b>31</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>3</b>	<b>11</b>	<b>19</b>	<b>18</b>	<b>113</b>


### 1.2.1. Accidentes de danos propios:

Os accidentados de danos propios apenas representan o 0,21% dos federados, deles o maior número de lesións, un 59%, producíronse nas extremidades, pero lamentablemente tamén houbo tres falecidos, un deles relacionado coa acción directa da caza (disparo da propia escopeta), mentres que os outros dous perderon a vida en accidentes de circulación in itinere (á ida ou regreso do cazadoiro) en cuxo caso tamén contan cunha indemnización por parte da licenza federativa.



### 1.2.2. Accidentes de responsabilidade civil do cazador:

Os sinistros de responsabilidade civil do cazador (documentos únicos) representan un 0,20% do total de asegurados. Os danos materiais, e os danos producidos a animais ou cousas superan amplamente o 50% dos accidentes desta tempada; séguenlle os danos de cans cun 16%, e os danos en extremidades cun 12%. Durante este período tamén se produciu, lamentablemente, o falecemento dun cazador como consecuencia do disparo dun terceiro.




### 1.2.3. Comparativa sinistros e federados:

A sinistrabilidade entre os federados é mínima, a pesares do impacto social que causa e a súa repercusión nos medios de comunicación, onde non sempre reciben o mesmo trato informativo que se da a outros accidentes deportivos con número de vítimas superiores (ciclismo, montaña, motociclismo, etc.).

Precisamente no pasado mes de novembro, con motivo de senllos accidentes de caza, en Vilalba (Lugo) e Vila de Cruces (Pontevedra), no que morreron dous mozos cazadores, a federación case se viu colapsada pola demanda informativa, e convocou con carácter de urxencia unha rolda de prensa para esa mesma tarde para poder dar cumprida información aos medios de todo o sucedido. A rolda de prensa foi presidida polo Vicepresidente da FGC, mentres o Presidente se desprazaba a Madrid para reunirse co Presidente e co Responsable de Sinistros de Mutuasport co obxecto de axilizar as indemnizacións ás familias das vítimas.





### 1.3. FEDERADOS E LICENZAS DE CAZA:


No ano 2012 o número de cazadores con licenza administrativa baixou un 4,59% respecto ao ano anterior, pero se comparámo-las cifras do último quinquenio acumúlase un descenso total do 7%.

	Licenzas 2012	Licenzas 2011	Df <sup>a</sup> (%)
CORUÑA	15215	15861	-4,07
LUGO	10689	11211	-4,66
OURENSE	10180	10896	-6,57
PONTEVEDRA	11932	12227	-2,41
BCOS	1614	1821	-11,37
<b>TOTAL ....</b>	<b>49630</b>	<b>52016</b>	<b>-4,59</b>

A pesares da notable diminución no número de cazadores durante este período, a porcentaxe de federados respecto a aqueles segue a manterse, mesmo medrando, así no ano 2008 estaban federados en Galicia un 40,54% dos cazadores mentres que no ano 2012 a cifra de federados respecto a licenzas de caza é do 42,35%, dous puntos por enriba.


#### 1.3.1. Licenzas de caza:

A tempada 2012 pechábase con 49.630 licenzas de caza, sendo as provincias de A Coruña e Pontevedra as que maior número de practicantes albergan.



### 1.3.2. Licenzas por tramos de idade:

Ao desagrega-los datos anteriores por tramos de idade, obsérvase que a media de cazadores galegos na actualidade está entre os 50 e os 55 anos, mentres que a poboación máis envellecida (de 75 anos en diante) supera aos mozos (de 16 e 25 anos) nun 2%, o que significa que para seguir incorporando aos máis novos deberanse de adoptar medidas que fagan máis atractiva a práctica da actividade cinexética.



### 1.3.3. Comparativa licenzas 2011-2012:

Ao cotexa-los datos de licenzas de caza entre as dúas últimas tempadas cinexéticas, vese que onde máis decrece o número de cazadores é entre os practicantes doutras CCAA que se achegan a cazar Galicia, un






11,37% respecto ao ano 2011, sen dúbida debido ás numerosas dificultades que atopan os foráneos para obter a licenza de caza de Galicia ao non existir reciprocidade entre as diferentes Comunidades. Outro dato significativo é a perda de licenzas nas provincias galegas do interior, Ourense (-6,57%) e Lugo (-4,66%), debido principalmente ao avellentamento da poboación e á perda de habitantes.



### 1.3.4. Comparativa licenzas de caza - federados:

Na gráfica comparativa entre cazadores e federados percíbese que, agás Ourense, tódalas provincias acadan practicamente o 50% dos federados respecto das licenzas de caza; neste senso cabe sinalar que cinco anos antes a porcentaxe de federados respecto de licenzas apenas superaba o 40%.


Pontevedra, cun 53,76% , é a provincia que conta con maior porcentaxe de federados respecto de licenzas, seguida de Lugo cun 51,15%, e por último A Coruña, cun 45,92%. No cómputo xeral o número de federados descende a un 42,35% debido a que en Ourense os federados representan o 21,12% do total dos cazadores da provincia.





### 1.3.5. Evolución licenzas - federados:


Ao analiza-la evolución de federados vese que a tendencia é practicamente plana (apenas un descenso do 3% nos últimos 5 anos), mentres que as licenzas de caza seguen a diminuír ano tras ano, pasando dos 53.267 cazadores no ano 2008 aos 49.630 no ano 2012, cunha perda de cazadores que supera os 3.600 no último lustro (un 7% do total).



### 1.4. FEDERADOS QUE SE DESPRAZARON FORA DE GALICIA A CAZAR.

Un 4% dos federados utilizaron os servizos da Federación para tramitar as licenzas de caza para outras CCAA, o 87% das licenzas tramitadas corresponden a Castela A Mancha, o 17% a Castela León, e un 2% a Madrid. Por provincias, Pontevedra, con 434, foi onde máis licenzas se xestionaron, mentres que en Lugo con 59 foi onde menos se tramitaron.

Ao compara-los datos coa tempada 2011 nótase un importante descenso, 355 cazadores deixaron de tramitar a súa licenza a través da FGC, debido basicamente a que, desde o ano 2008, a Xunta de Castela León acordou remiti-lo documento de renovación directamente ao domicilio particular dos seus titulares, renovándose así a licenza simplemente facendo efectivo o pagamento da taxa nunha entidade bancaria autorizada.





### 1.5. CLUBE DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA CAZADORES FEDERADOS, E DEPARTAMENTO DE AFILIACIÓN E FIDELIZACIÓN:

CLUBE DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA CAZADORES FEDERADOS							
Caza de Caza 10%	PRENDA 20%	DESCUENTO 20%	CAMPESIN 50%	Coma Caza 20%	HERNANDEZ 20%	SEGURO 20%	CHIA VENTAS 30%
CARABAN 10%	PALESTRINA 10%	ALUMNOS 20%	ALUMNOS 12%	ALUMNOS 25%	ALUMNOS 10%	ALUMNOS 25%	ALUMNOS 30%
ALUMNOS 30%	ALUMNOS 15%	ALUMNOS 20%	ALUMNOS 20%	ALUMNOS 25%	ALUMNOS 15%	ALUMNOS 40%	ALUMNOS 35%
ALUMNOS 20%	ALUMNOS 20%	ALUMNOS 35%	ALUMNOS 35%	ALUMNOS 25%	ALUMNOS 5%	ALUMNOS 30%	ALUMNOS 20%
ALUMNOS 25%	ALUMNOS 15%	ALUMNOS 20%	ALUMNOS 20%	ALUMNOS 15%	ALUMNOS 10%	ALUMNOS 10%	ALUMNOS 10%

Ademais das numerosas vantaxes e servizos que teñen os cazadores federados, a FGC no primeiro semestre do ano 2012 ven de por en marcha unha iniciativa encamiñada a abaratalos custos dos seus afiliados en tódolos servizos e artigos que precisan para a práctica do deporte cinexético, desde psicotécnicos, clínicas médicas, veterinarios, alimentación canina, hoteis, armerías, etc. etc.



Trátase da plataforma denominada **CLUBE DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA CAZADORES FEDERADOS**, que consiste nunha rede de establecementos exclusivos nos que os federados se beneficien de ofertas e descontos especiais.

A pesares de que a iniciativa tivo boa acollida entre as empresas do sector, se queremos ter un establecemento especializado en cadaunha das comarcas de Galicia para que calquera federado, resida onde resida, poida beneficiarse destas promocións, faise preciso o compromiso das sociedades de caza, e dos propios cazadores, facilitándolle á federación a información daqueles comercios ou establecementos aos que acoden a compra-los federados maioritariamente.

No pasado verán, tamén se contratou un gabinete externo que se encarga de asesorar aos cazadores e ás sociedades de caza sobre os diferentes tipos de seguros federativos, as súas vantaxes (que mesmo son descoñecidas maioritariamente entre os propios federados), e as súas coberturas, trátase do **GABINETE DE FIDELIZACIÓN E CAPTACIÓN**.

## 2. CLUBES E SOCIEDADES


No 2012 incorporáronse á federación 5 novas sociedades (2 A Coruña, 1 Lugo, e 2 Ourense) pero causaron baixa, por disolución, por fusión con outras, ou por regularización de impagos, un total de 12 (7 en A Coruña, 1 en Lugo, e 4 en Ourense).

	Sdades federadas con tecor	Sdades federadas s/tecor	Total Sdades federadas
A CORUÑA	112	17	129
LUGO	138	8	146
OURENSE	76	14	90
PONTEVEDRA	81	24	105
<b>TOTAL .....</b>	<b>407</b>	<b>63</b>	<b>470</b>




## 2.1. SOCIEDADES FEDERADAS.

A 31 de decembro había 470 sociedades de caza afiliadas á Federación, delas 407 administran 391 tecores (de titularidade única ou compartida). As restantes 63 sociedades correspondente a asociacións deportivas (tiro, paxariles, arco, cetraría, etc.), peñas de caza maior, e mesmo algunhas outras mantéñense federadas a pesares de non contar con terreo cinexéticamente ordenado na actualidade.



## 2.2. TECORES.


Dos 455 tecores existentes na CCAA, o 86% rexéntanos sociedades de caza federadas, e o 14% pertencen a outro tipo de asociacións de cazadores.





### 2.2.1 Superficie cinexética


Da superficie total da CCAA, o 89,46% corresponde á superficie cinexética dos 455 tecores, e un 0,38% á superficie das 22 explotacións comerciais, polo que un 90% (2.656.938 has. das 2.957.400) do territorio de Galicia está acoutado, dun ou doutro xeito, para a práctica do deporte da caza.



### 2.2.2 Seguros de responsabilidade civil de tecor

Un 56% dos tecores federados, ou o que é igual 6 de cada 10, teñen actualmente concertado o seguro de responsabilidade civil a través da Federación (217 tecores asegurados dos 309 federados), con Mutuasport ou con outras compañías aseguradoras coas que ten concerto a FGC.


Por provincias, A Coruña ten asegurados o 62% dos tecores federados da súa provincia, seguido de Pontevedra co 59%, Lugo co 52% e por último Ourense co 49%.






### 2.2.3 Evolución dos seguros de responsabilidade civil de tecor

Durante o último quinquenio, a evolución dos tecores asegurados foi negativa, un 35% menos que fai cinco anos, debido ao exceso de sinistros que fixo que se elevasen considerablemente as primas das pólizas por parte da aseguradora máis importante, Mutuasport. A FGC no seu incansable labor de achegar as mellores solucións ás sociedades federadas ven de conseguir acordos con varias compañías máis, para afrontar este importante problema das sociedades, buscando e comparando entre as diferentes entidades aseguradoras o menor custo para cada caso concreto.



### 2.2.4 Sinistros producidos pola fauna cinexética


Durante a pasada tempada cinexética, nos 217 tecores asegurados a través da federación producíronse 460 accidentes provocados pola fauna cinexética. A máis afectada foi a provincia de Lugo cun 59% de sinistros, e a de menor índice de sinistrabilidade era Pontevedra cun 11%.





### 2.2.5 Evolución dos sinistros producidos polas especies cinexéticas

Se analizámo-los datos de sinistrabilidade tomando como referencia o número de sinistros e o número de tecores asegurados a través da FGC, ao longo do período 2008-2012 os accidentes multiplicáronse por tres, pasando dun 33% de accidentes no 2008 ao 111,98% no 2012, aínda así a tempada máis adversa foi a do 2011 onde chegaron a producirse, por impacto de animais contra vehículos, un total de 535 accidentes en 246 tecores.




## 3. CAZA

Segundo datos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente, durante a tempada 2011-2012 autorizáronse 28.083 cupos para a caza de especies de caza maior (xabaril, corzo e cervo), dos que se capturaron 22.558 exemplares.

En canto á caza menor, a Consellería non dispón de datos oficiais de capturas, polo que a falta deles tomaranse como referencia as estatísticas aportadas, a través das federacións provinciais, á Fundación Fedenca para os estudos que esta realiza anualmente.

### 3.1 Caza Maior


Un 61% dos cupos autorizados corresponden a xabaril, seguido do corzo cun 38%, e por último o cervo cun 1%.



Por provincias, Lugo e Ourense foron as que máis cupos tiveron no seu conxunto, e a que menos Pontevedra. En xeral cobrouse un 80,32% dos cupos establecidos.

	XABARIL		CORZO		CERVO		TOTAL	
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	CUPOS	CAPTURAS
A CORUÑA	2323	2008	2130	1884	62	53	4515	3945
LUGO	5997	5596	4957	3273	29	9	10983	8878
OURENSE	6798	5642	3460	2241	233	84	10491	7967
PONTEVEDRA	1924	1618	170	150	0	0	2094	1768
<b>TOTAL .....</b>	<b>17042</b>	<b>14864</b>	<b>10717</b>	<b>7548</b>	<b>324</b>	<b>146</b>	<b>28083</b>	<b>22558</b>

Por especies, o xabaril sería o animal con máis cupo pero tamén cunha maior porcentaxe de capturas, máis do 85% dos cupos permitidos, seguido do corzo cunhas capturas do 71% respecto dos autorizados, e do cervo cun 45%.







### 3.2 Caza Menor

A falta de datos oficiais sobre capturas da tempada 2011-2012, tomando como referencia as valoracións realizadas, desde as respectivas federacións provinciais, para a Fundación Fedenca, en xeral a tempada de perdiz sería “regular”, a do coello “boa”, a da lebre “regular”, a da torcaz “boa”, e a arcea “regular”.

	COELLO					
	E	MB	B	R	M	MM
A CORUÑA			x			
LUGO			x			
OURENSE			x			
PONTEVEDRA				x		

	PERDIZ					
	E	MB	B	R	M	MM
A CORUÑA				x		
LUGO				x		
OURENSE				x		
PONTEVEDRA					x	

	LEBRE					
	E	MB	B	R	M	MM
A CORUÑA				x		
LUGO				x		
OURENSE			x			
PONTEVEDRA					x	

	POMBA TORCAZ					
	E	MB	B	R	M	MM
A CORUÑA			x			
LUGO			x			
OURENSE				x		
PONTEVEDRA	x					

	ARCEA					
	E	MB	B	R	M	MM
A CORUÑA				x		
LUGO			x			
OURENSE					x	
PONTEVEDRA				x		

## 4. REUNIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES

O resumo da axenda federativa preséntanos un ano de gran actividade; ademais da Lei de Caza, Rede Natura e outros proxectos presentados á Consellería de Medio Ambiente, os responsables da federación mantiveron varias xuntanzas coa Secretaría Xeral para o Deporte, coa Garda Civil, cos medios de comunicación, e coas sociedades de cazadores, con estas a meirande parte das reunións obedecían a actos de conciliación, mediando así nos conflitos existentes entre socios e sociedades, pero tamén se xuntaban no último trimestre do ano os novos presidentes de sociedades.

### 4.1 ENTREVISTAS COS RESPONSABLES DA XUNTA

Ademais das xuntanzas do Comité Galego de Caza, os responsables federativos reuníronse en varias ocasións coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza, co Servizo de Caza, co de Biodiversidade, e co propio Conselleiro de Medio Ambiente.





Entre os temas tratados, ademais da propia **Lei de Caza** (véxase apartado 4.1.1 seguinte), e das achegas presentadas á **Rede Natura**, os membros da FGC propoñían á Consellería, de cara á tempada de axexo do corzo, **habilitar aos cazadores foráneos** que acreditaran mediante certificación da súa federación autonómica reuni-los requisitos e aptitudes necesarias para a práctica da caza, tal e como se está a facer na Comunidade de Canarias.

Tamén se presentou aos responsables de Medio Ambiente un proxecto para a **descentralización das licenzas de caza de Galicia** de xeito que se puideran emitir, igual que noutras CCAA, a través da federación, e pediuse a colaboración da Xunta para a **posta en valor da caza**, que pasa –ao entender da federación- por dárllle-lo valor social, medio ambiental, e económico que esta actividade aporta á sociedade galega.

Outra das proposicións foi o establecemento dunha **liña de axudas destinadas ás sociedades de cazadores** para que estas puideran acometer labores e actuacións encamiñadas á recuperación do hábitat da fauna cinexética, actuacións que a federación entende poderían servir tamén como plan de prevención de incendios (cortalumes, desbroces, queimas controladas, sembrados, etc).

Á FGC gustaríalle ter logrado máis éxito nas súas reivindicacións pero isto non mitigará a ilusión e o esforzo do colectivo ata tratar de acadar-los seus obxectivos.

#### 4.1.1 Lei de Caza

Antes de presenta-las achegas ao Borrador da Lei de Caza, os responsables federativos mantiveron varias xuntanzas para tratar de achegar posturas con sociedades de caza, e outras asociacións (Asociación Galega de Caza Maior, Asociación Galega de Cetraría, e Organización Galega de Montes, entroutras), amén doutras moitas reunións cos responsables de Caza da Consellería de Medio Ambiente; e nos primeiros días do mes de marzo a FGC presentaba o que serían as súas alegacións ao texto do borrador sobre o que posteriormente habería novas xuntanzas cos responsables da Consellería nesta materia.



#### 4.1.2 Lei de Montes e convenio de incendios



Ao contrario que parece ocorrer coa Lei de Caza, na Lei de Montes, publicada no DOG no pasado mes de xullo, víronse reflectidas tódalas achegas realizadas pola federación.

A Consellería do Medio Rural tamén amosou o seu interese en que a Federación, e por ende as sociedades de caza, colaboren nas medidas de prevención e extinción de incendios forestais, estándose na actualidade a traballar nun borrador de convenio de colaboración que previsiblemente se asinará nos primeiros meses do vindeiro ano.



### 4.1.3 Lei do Deporte de Galicia

O pasado 14 de abril entraba en vigor a Lei do Deporte de Galicia, na que foron recollidas practicamente tódalas achegas presentadas pola FGC ao seu borrador.

A Lei do Deporte 3/2012 establece o prazo dun ano, que remata o vindeiro 13 de abril, para que as entidades deportivas adapten os seus estatutos á mesma. Desde as respectivas federacións provinciais, desde a páxina web, e desde a Revista Galicia Cinexética, lévase un ano insistindo e lembrando ás sociedades que deben proceder a modifica-los seus estatutos, para cuxo trámite a FGC pon a disposición destas asociacións os seus servizos administrativos e xurídicos.



### 4.2 TVG

No primeiro trimestre do 2012 unha comisión da federación reuníase coa Directora da Televisión de Galicia para pedirlle un tratamento máis ecuánime na información que se emite sobre a caza, ao tempo que se solicitou do ente público que se fixera eco, non só da información sobre accidentes de caza, ou sobre os incidentes con ecoloxistas, senón de toda a información deportiva e ambiental que xera este deporte tradicional, que conta cun importante grupo de deportistas cun envexable palmarés deportivo no ámbito nacional e mesmo internacional.



### 4.3 XAMALÚ FILMS.



A FGC colaboraba na longametraxe “*El oro del tiempo*”, producida por Xamalú Films, escrita e dirixida por Xavier Bermúdez, único director galego gañador do premio ao Mellor Director nun festival da categoría “A”.

A película, protagonizada polo actor galego Ernesto Chao (da serie *Pratos combinados*), relata a vida dun médico e investigador que tra-la morte da súa muller decide crio Xenizala clandestinamente, e corenta dous anos despois este cazador e médico seguía custodiándoa na súa casa á espera de que a ciencia puidera curarlle-la enfermidade e devolvérllle-la vida.

A longametraxe rodouse integramente no municipio coruñés de Vedra, e a función da FGC, consistía no asesoramento técnico, sobre o manexo da arma, ao protagonista da película. O responsable técnico do asesoramento foi o tirador, da selección galega de percorridos de caza, José Luis Sánchez Mancebo, ao que desde as páxinas desta memoria a FGC quere agradecerlle a súa, sempre, boa disposición para con esta entidade.



#### 4.4 GALICIA SAUDABLE.

A FGC adheríase ao *Plan Galicia Saudable*, que ten por finalidade contribuír a previr e reduci-las enfermidades crónicas non transmisibles e os seus factores de risco, entre os que a inactividade física é un dos principais. O Plan pretende situar á actividade física nun lugar de privilexio dentro dos programas de prevención da saúde, e por tanto a caza é un dos deportes que mellora a calidade de vida dos seus practicantes porque ademais de exercicio físico desenvólvese nun entorno saudable ao aire libre.



#### 4.5 MUTUASPORT E RFEC.

No primeiro semestre do ano celebráronse eleccións ao Consello de Administración e a Presidente de Mutuasport, mentres que no segundo semestre correspondíalle á Real Federación Española de Caza.

##### 4.5.1 Eleicións Mutuasport

No que respecta ao proceso electoral de Mutuasport, para o posto correspondente ao Consello de Administración, pola demarcación de Galicia e Aragón, resultou elixido o Presidente da Federación Galega, Javier Nogueira, mentres que o Presidente da Federación Andaluza de Caza, José María Mancheño, resultaba proclamado novo Presidente da entidade aseguradora.



##### 4.5.2 Eleicións RFEC



O proceso electoral da Real Federación Española de Caza foi un tanto convulso, con varias impugnacións ante a Xunta Electoral da federación en primeira instancia, ante a Xunta de Garantías do Consello Superior de Deportes posteriormente, e actualmente impugnadas ante os tribunais de xustiza.

O problema principal do proceso de eleccións foi o reparto de assembleístas das federacións autonómicas, primando a unhas federacións en detrimento doutras. Ao posto de presidente optaban dous candidatos, o presidente actual, Andrés Gutiérrez, que se presentaba á reelección da súa cuarta lexislatura, e o presidente da Federación Navarra de Caza, José Angel Remírez, resultado gañador Gutiérrez por 60 votos contra 56 do seu rival.

A escasa marxe, 4 votos, coa que se proclamou o novo presidente, engadido á polémica pola falta de proporcionalidade no reparto do número de assembleístas das federacións autonómicas, abriu unha fisura importante no seu da RFEC, cunha división manifesta, por un lado estarían as federacións territoriais con maior peso no que respecta a número de federados (aproximadamente o 68%) Andalucía, Cataluña, Aragón, Castela e León, Castela A Mancha, e Navarra, ademais de Galicia que non pode permanecer nunha posición neutra cando -ao entender da FGC- a composición da asemblea non é proporcional, e por outro lado están o resto das autonómicas adheridas ao actual presidente, producíndose así unha fractura nada recomendable nin desexable para a caza.



#### 4.5.2.1 Comisión do chumbo

Este ano dábase por concluído o traballo de investigación sobre o proceso de desenvolvemento do proxecto do perdigón sen chumbo. A investigación que arrancaba, en decembro do 2011, coa constitución dunha comisión que se encargaría de analiza-lo proxecto e desenvolvemento do perdigón ecolóxico, integrábanla o Presidente da FGC, Javier Nogueira, ademais dos Presidentes Vasco, Catalán, e Andaluz, xunto co representante Valenciano, Óscar Jurado.

O traballo da Comisión de Control remataba no pasado mes de abril, pechando a polémica suscitada cun informe que concluíu que non se detectaron irregularidades contables nin malversación de fondos, destinados ao investimento do perdigón ecolóxico, pero cuestionando a administración dos mesmos por pouco rigorosa.



#### 4.6 REUNIÓN CON NOVOS PRESIDENTES DE SOCIEDADES.

A punto de remata-lo ano, a FGC mantíña unha xuntanza cos novos presidentes das sociedades de caza que foron elixidos para este cargo durante o 2012. A idea da federación é seguir mantendo periodicamente este tipo de xuntanzas cos novos presidentes electos das sociedades, para informalos e asesoralos no seu novo cometido, e poñer á súa disposición os servizos federativos para calquera cuestión que precisen en relación co desempeño das súas funcións.

#### 4.7 FORMACIÓN DO PERSOAL.

Este foi un ano repleto de actividade, pero tamén de formación para o persoal, pois del depende en primeira instancia a imaxe que traslada a FGC, pero sobre todo a información que reciben os cazadores.

Precisamente, este ano, ven de poñerse en marcha o Clube de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados, explicado no punto 1.5 anterior, que nace a partires dunhas xornadas sobre Fidelización e Captación de Socios, celebradas en Madrid, baixo a organización da RFEC, nas que participou unha boa parte do persoal federativo.



Ademais desta iniciativa, os traballadores viñeron con outros proxectos debaixo do brazo que se están a analizar na actualidade para ve-la súa viabilidade.

O labor do persoal é fundamental, por iso nesta nova etapa de grandes e importantes cambios, a federación entende que o reciclaxe e a innovación é esencial de cara a favorecer aos afiliados a través dunha mellor, e máis especializada, prestación de servizos. Baixo este obxectivo vense de implantar un novo programa de xestión de seguros, traballando actualmente a través dun programa on-line de Mutuasport, e tamén se desenvolveron unhas xornadas sobre técnicas de vendas.



## 4.8 XORNADAS E ASISTENCIA A FEIRAS

Un ano máis a FGC estivo presente en numerosas actividades cinexéticas, Feiras de Cans e outras Actividades, entre as que cabe sinalar as citas de Semana Verde de Galicia, as Xornadas de Portas, o Certame periodístico Periodipesca, as Xornadas de caza e natureza A Laxe, as xornadas de formación de xefes de batida en Cea, e as Xornadas da Comunidade de Xesta.

### 4.8.1 Semana Verde de Galicia

Como ven sendo tradicional, a federación estivo presente na Feira Semana Verde de Galicia, en Silleda, cun Stand e cun Simulador de Tiro Virtual que fixo as delicias de pequenos e maiores, que se achegaban ata o stand federativo para practica-lo tiro sobre xabarís e sobre outras especies virtuais.



### 4.8.2 Xornadas de Portas

Por noveno ano consecutivo a FGC colaboraba coas Xornadas sobre Xestión Cinexética de Portas, que ano tras ano conta cun plantel de ilustres poñentes sobre caza, conservación, e sustentabilidade, entoutros, ademais dun gran número de fieis a esta cita cinexética anual, destacando, nesta edición, a presenza do Director de Fedenca, José Luis Garrido, agasallado co máxima distinción da sociedade, o coello de ouro.

### 4.8.3 Periodipesca

O municipio lucense de Pantón, foi este ano o escenario do Congreso Periodipesca, sobre caza, pesca, medio ambiente, e turismo natural e de aventura. A FGC estivo presente un ano máis, e xa van 20; o Tesoureiro actuaba como poñente coa conferencia “La caza, deporte y conservación”, mentres que o Secretario participaba na mesa redonda “Problemas dun deporte ancestral e rural, a caza”. Entre os galardoados resultaba agasallada a FGC, quen a través do seu Presidente, recollía o Premio ao mellor Organismo.



### 4.8.4 Xornadas de caza e natureza A Laxe

Por segundo ano consecutivo a sociedade de cazadores A Laxe, organizaba en Fornelos de Montes unhas xornadas sobre Caza e Natureza dirixidas especialmente aos máis cativos. Nesta ocasión a organización contaba coa colaboración especial da FGC e da Escola de Caza da RFEC, coa presenza do seu Director Patchi Andión, noutrora cantautor, actor e intelectual.



Máis de 200 persoas, entre nenos e adultos disfrutaban da fase teórica e práctica en plena natureza cinexética na Serra do Suído.



### 4.8.5 Formación de xefes de batida en Cea

A FGC tampouco quixo perderse a cita de Cea que acollía unhas xornadas sobre formación de Xefes de Batida organizada pola Asociación de Caza Maior de Galicia.




### 4.8.6 Xornadas da comunidade de Xesta.



A Comunidade de Montes de Xesta organizaba este ano as súas primeiras xornadas sobre a divulgación do monte veciñal nas que participaba como poñente o Presidente da FGC. Ao longo das diferentes charlas poñíase de manifesto os diferentes usos e explotacións do monte, tamén desde o punto de vista do aproveitamento cinexético.

### 4.8.7 Estudo sobre a repercusión económica da Caza en Galicia.

Co obxecto de actualiza-los datos sobre o primeiro estudo socioeconómico da caza en Galicia, e de cara a coñece-la volume económico que xera actualmente esta actividade, a FGC ven de realizar enquisas entre os cazadores galegos, e de encargarlle ao Departamento de Estatística, da Facultade de Matemáticas, da U.S.C., o análise dos datos, o seu tratamento, e posterior publicación do estudo.



## 5. COMUNICACIÓN E PRENSA

A comunicación puntual é dun dos retos desta legislatura; as novas tecnoloxías están a cambiar o xeito de comunicación, e a carta tradicional está a dar paso á páxina web federaciongalegadecaza.com e á revista Galicia Cinexética, estes dous medios medios son o piares sobre o que se asenta a información federativa, amén dos correos electrónicos e dos SMS, tratando deste xeito que as sociedades e os cazadores reciban a información instantánea.

### 5.1 PAXINA WEB **Federación Galega de Caza** www.federaciongalegadecaza.com

Ao longo do ano 2012 a páxina web da Federación Galega de Caza seguiu a medrar e a consolidarse como a máxima referencia *online* dos cazadores galegos, grazas ao seu empeño por manterse actualizada constantemente de novas, tanto federativas en tódolos seus ámbitos, como de todos aqueles temas relacionados coa caza: medio ambiente, lexislación, montes, armas, etc. A suma das novas publicadas durante o 2012 serían equivalentes a unha diaria polos 365 días do ano.




Novamente unha das seccións estrela da web foi “A FGC Responde”, semana a semana os cazadores viron respondidas as súas cuestións nesta sección onde case un centenar de cazadores recibiron cumprida resposta ás súas dúbidas.





A integración da campaña “Clube de Descostos” na web foi tamén de grande relevancia, pois varios centos de cazadores pasáronse por esta sección para consultar os descontos e ofertas das casas comerciais adheridas a esta plataforma, así como para achegar as súas inquiredanzas.

### 5.1.1 Tráfico



federaciongalegadecaza.com obtivo un ano máis unha suba no número de visitantes, recibindo o pasado ano un total de **87.295 visitas absolutas**, supoñendo un aumento do 6,6% respecto ao 2011, unha marxe de aumento máis discreto que o do pasado ano pero que supón igualmente un novo máximo histórico de visitas.


A media diaria é de 239 visitas absolutas, que se focalizan novamente de luns a venres, sendo o luns o día de maior tráfico con diferenza. Cabe destacar que un 67,26% dos visitantes foron recorrentes mentres que o case 33% restante son novos visitantes.



As visitas proveñen principalmente de motores de búsqueda (73,67%), sendo o buscador Google ([www.google.es](http://www.google.es)) o que máis visitantes atrae, aportando o 68,13% do tráfico. O tráfico directo, é dicir aqueles visitantes que teñen gardada a páxina entre os seus favoritos ou ben acceden introducindo directamente o enderezo web, supuxeron un 17,76% das visitas, mentres que o tráfico restante acudiu provinte de páxinas web cunha ligazón. Respecto ao

pasado ano, aumentaron nun 5% as visitas procedentes de buscadores en detrimento das directas e das de referencia.

As procuras que fan os visitantes para chegar á web da FGC son maioritariamente buscando a propia Federación, con termos como “federacion galega de caza”, “federacion gallega de caza” e combinacións semellantes que supoñen máis do 50% das búsquedas. Tamén recaen na web da Federación Galega de Caza aqueles que buscan termos como “feiras de cans”, “caza en galicia” ou “licencia de caza”.







Entre as páxinas alleas que reportan visitas á páxina web da Federación cabe destacar a suba exponencial da rede social Facebook ([www.facebook.com](http://www.facebook.com)), que se converte no principal referente e aportador de visitas con 1.291, supoñendo un 17,3% do total de visitas referenciadas. Este aumento deixa claro a importancia vital das redes sociais como promotores de contido. Pola súa banda, a páxina web oficial da Sociedade de Cazadores de Portas ([www.tecorportas.com](http://www.tecorportas.com)), acada a segunda posición nos referenciados con 859 visitas, supoñendo o 11,5%, mentres que Club de Caza ([www.club-caza.com](http://www.club-caza.com)) caeu este ano ata as 810 visitas cun 10,88% do total.

En canto á orixe dos visitantes, como cabe agardar proveñen maioritariamente de España (un 97,2%), sendo as poboacións galegas que máis visitantes aportan á web A Coruña (22,9%), Vigo (11,7%) que supera este ano a Santiago de Compostela (10,1%) e Lugo (8,2%). Tamén atopamos visitantes doutras cidades de fora da nosa comunidade como Madrid, Barcelona, Málaga ou Valencia.

As seccións da web máis visitadas estiveron encabezadas, como ven sendo habitual polo “Taboleiro” de anuncios, acaparando un 15,7% do total de visitas. As seguintes máis visitadas foron, por esta orde, “Calendario”, “Compartir Caza”, “Galería”, “A Federación” e “Competicións”, o que nos da unha idea dos contidos que máis interesan aos cazadores galegos.

Por outra banda, os termos máis buscados polos visitantes mediante o buscador interno da web foron “conejo”, “zonas libres”, “emisoras”, “licencia de caza” e “silvestrismo”.

## 5.2 GALICIA CINEXÉTICA



Durante o pasado ano, a revista Galicia Cinexética editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 36 ao 47.

Neste periodo, Galicia Cinexética mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego, facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético así como de toda a axenda de traballo e competicións levadas a cabo pola Federación Galega de Caza no decurso deste periodo de tempo.

Galicia Cinexética seguiu contanto cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa páxina web [galiacinexetica.com](http://galiacinexetica.com) e incorporándose ás redes sociais co seu perfil en Facebook.

As páxinas de Galicia Cinexética, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza.

Esta publicación mantivo unha estreita relación coas sociedades de caza, recollendo nas súas páxinas todos aqueles eventos e actos que levaron a cabo ditas sociedades. Mostra deste estreito vínculo son as ofertas especiais que Galicia Cinexética ofrece para estas Sociedades, así como a entrega gratuita mes a mes de exemplares da revista.

O trato directo cos cazadores galegos por parte de Galicia Cinexética fíxose patente mes a mes, sendo esta publicación un soporte onde os apaixonados da caza teñen o seu espazo. Tanto no pasado, no presente, coma no futuro, Galicia Cinexética segue a se-la única revista do sector a nivel galego.



Federación Galega de Caza



## 6. ASESORÍA XURÍDICA


A asesoría xurídica pasa por ser un dos piares básicos da FGC, dando un servizo de asesoramento de gran dimensión e solvencia, tanto a federados como a sociedades de caza.

O gabinete xurídico emitiu máis de 396 informes ao longo do ano pasado, máis dun por día, a petición doutras tantas consultas realizadas por escrito, amén doutras atendidas por vía telefónica.

As consultas sobre diversos aspectos relacionados coa caza e coa lexislación foron as máis numerosas, con 143 informes, seguidas das consultas formuladas polas sociedades referentes a lexislación, estatutos, e expedientes a socios, con 123; tamén as alegacións a denuncias foron considerables, con máis 79 alegacións formuladas a expedientes sancionadores de caza.

Subliñar, dentro deste 2012, o traballo realizado entorno ao controvertido borrador da Lei de Caza de Galicia, ademais das distintas achegas ás leis de Montes, Deportes e ao plan director da Rede Natura, traballo no que o gabinete xurídico se destacou pola súa adicación e o seu compromiso coa caza.

Da documentación analizada na FGC constátase, día a día, a gran cantidade e a excelente calidade do traballo realizado por este servizo.





## 7. COMPETICIÓNS

### 7.1 UNIFICACIÓN DE CRITERIOS



Un ano máis a federación segue a apostar pola posta en común nos criterios de aplicación dos diferentes regulamentos. Este ano tocoulles ás modalidades de de Arco, Rastro de Xabaril e San Huberto, durante o primeiro trimestre do ano.



### 7.2 XUÍCES, TÉCNICOS E ADESTRADORES

Na área técnica, a FGC conta cun importante número de xuíces, árbitros, adestradores de tiro, e monitores de arco, debidamente cualificados e titulados.

	Xuíces e Árbitros		
	Homes	Mulleres	Total
TIRO (Percorridos e Compak)	104	0	104
CANS (San Huberto e C.Parada)	135	6	141
RASTRO (Rastro coello e xabaril)	140	3	143
PAXARILES	5	0	5
ARCO	18	1	19
CETRERÍA	17	2	19
<b>TOTAL ....</b>	<b>419</b>	<b>12</b>	<b>431</b>

	Técnicos e Adestradores		
	Homes	Mulleres	Total
Monitores de Arco	19	2	21
Adestradores de Tiro	19	0	19
<b>TOTAL ....</b>	<b>38</b>	<b>2</b>	<b>40</b>

### 7.3 CALENDARIO OFICIAL

Durante a pasada tempada organizáronse 70 competicións oficiais (53 campionatos e 17 probas puntuables para a Copa Galicia), ademais doutras 69 competicións sociais organizadas polas respectivas sociedades deportivas. O que fixo que se mobilizaran, só nas probas oficiais da federación, preto de 5000 participantes, e 162 xuíces e árbitros dos 431 titulados actualmente (322 titulares e 109 auxiliares). Cabe significar tamén que outros 4 xuíces xulgaron os Campionatos de España de Xabaril (1), Cans de Parada (1), e Caza San Huberto (2).



### 7.3.1 Participación no Campionatos Provinciais, Autonómicos e Copa España desenvolvidas en Galicia:

Modalidade Deportiva	Campionato Provincial de A Coruña		Campionato Provincial de Lugo		Campionato Provincial de Ourense		Campionato Provincial de Pontevedra		Campionato Galego		Copa España		Total Participantes	Total Xuíces
	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces		
XABARIL	22	2	35	2	10	1	22	2	33	4			122	11
SAN HUBERTO	28	4	12	3	7	2	12	3	36	4			95	16
CANS DE PARADA	24	4	37	3	17	1	35	3	26	3			139	14
COMAPAK SPORTING	33	2	18	1			33	2	56	3			140	8
PERCORRIDOS DE CAZA	39	5	38	4	31	2	47	4	64	6			219	21
CAZA CON ARCO	32	5			20	1	23	4	55	6			130	16
PAXARILES	123	4					162	4	106	4			391	12
CANS DE RASTRO COELLO	60	4			4	1	104	6	32	2	48	3	248	16
RAPOSO	510		180		70		460		160		700		2080	
CETRERÍA									50	3			50	3
CAZA MENOR CON CAN	20		14		7		23		21				85	
ARCEAS	32		27		8		22		21				110	
<b>TOTAL .....</b>	<b>923</b>	<b>30</b>	<b>361</b>	<b>13</b>	<b>174</b>	<b>8</b>	<b>943</b>	<b>28</b>	<b>660</b>	<b>35</b>	<b>748</b>	<b>3</b>	<b>3809</b>	<b>117</b>



Federación Galega  
de Caza

### 7.3.2 Participación nas competicións oficiais puntuables para a Copa Galicia:

Respecto da tempada anterior, cabe significar que durante esta edición desenvóléronse 12 probas puntuables menos.

Competicións oficiais puntuables para a Copa Galicia	RASTRO XABARIL		RASTRO COELLO		PERCORRIDOS DE CAZA		RAPOSO		SAN HUBERTO		Total Participantes	Total Xuíces
	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces	Deportistas	Xuíces		
Proba de Oroso (Sdade organizadora: Riberas del Tambre)	32	2									32	2
Trofeo Cidade de Narón (Sdade organizadora: Xubia)	30	2							33	3	63	5
Proba de Salceda (Sdade organizadora: Salceda de Caselas)	12	3									12	3
Proba de Monfero (Sdade organizadora: Virxe da Cela)	17	2									17	2
Can de Ouro (Sdade organizadora: Amigos dos cans de caza)	19	2	120	6					29	3	168	11
Proba de O Campo (Sdade organizadora: O Campo)	27	2									27	2
Proba de Fisterra (Sdade organizadora: Fisterrana)									19	3	19	3
Proba de Ferrol (Sdade organizadora: Urogallo)									22	3	22	3
Proba Cidade de Ribeira (Sdade organizadora: Barbanza)									24	3	24	3
Proba de Lalín (Sdade organizadora: Lalín)									22	3	22	3
Memorial José e Manuel Cea (Sdade organizadora: Ría Sar)					57	4					57	4
Proba de Boiro (Sdade organizadora: Amigos dos cans de Caza)			64	4							64	4
Proba de Sarria-Incio (Sdade organizadora: Incio Sarema, Ntra. Sra. De Villamayor e A Xesteira)							120				120	0
Proba da Fonsagrada (Sdade organizadora: Fonsagrada)							60				60	0
<b>TOTAL .....</b>	<b>137</b>	<b>13</b>	<b>184</b>	<b>10</b>	<b>57</b>	<b>4</b>	<b>180</b>	<b>0</b>	<b>149</b>	<b>18</b>	<b>707</b>	<b>45</b>



## 7.4 MEDALLEIRO DEPORTIVO

